

PROPOSTA DE ACORDO ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS XXXXXXXXX PARA A FORMACIÓN DUNHA UNIDADE MÓBIL ESPECIALIZADA DA ESCALA DE AXENTES FORESTAIS E MEDIOAMBIENTAIS

ANTECEDENTES

A escala de axentes forestais foi creada a través da Lei 12/1992, de 9 de novembro, de creación de determinadas Escalas de persoal funcionario ao servizo de la Xunta de Galicia, dentro do Corpo de Auxiliares Técnicos da Xunta.

Actualmente esa escala, xunto coa de axentes medioambientais do corpo de axudantes de carácter facultativos, está declarada "a extinguir" pola Disposición adicional 9 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG). Esta Lei tamén creou a escala de axentes técnicos en xestión ambiental que substitúe ás anteriores.

A estas escalas éelles de aplicación a Orde do 18 de xaneiro de 2019, conxunta das Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Medio Rural, pola que se establece o réxime de prestación de servizos das escalas de axentes forestais e axentes facultativos ambientais (en adiante "axentes").

Esa Orde é tributaria do Acordo sobre as condicións de traballo dos axentes forestais e medioambientais de Galicia, publicado no DOG do 11 de novembro de 2019 (Orde do 3 de outubro de 2019).

En virtude do disposto nese acordo creouse un grupo de traballo, con participación das Consellerías de Facenda e Administracións Públicas, de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Medio Rural, para elaborar unha proposta de regulamento de funcións da escala de axentes técnicos en xestión ambiental. O grupo de traballo foi avanzando durante os anos 2022 e 2023 na redacción dun borrador regulamento mais actualmente a proposta elaborada está a espera do resultado da tramitación nas Cortes Xerais do proxecto de Lei de básica de axentes forestais e medioambientais.

Esta Vicepresidencia conta na actualidade con 165 postos de axentes, que desenvolven as funcións recollidas na normativa anteriormente citada. Estes postos teñen a seguinte distribución:

. Vinte e un (21) postos de axentes se corresponden con postos de Axente Territorial ou equivalente, do nivel 20

. Os Cento corenta e catro (144) postos de axentes restantes se corresponden con postos de con postos de axente zonal, axente ambiental ou axente, do nivel 18.

Os efectivos da escala están presentes actualmente na totalidade do territorio mediante a súa adscrición aos distintos distritos, constituídos a partir da delimitación galega en comarcas. Tamén están presentes nos Parques Naturais de Galicia e no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Si ben esta organización territorial resulta apriori adecuada ás veces existen determinadas materias que, pola súa complexidade e carga de traballo requiren dunha especial dedicación, coñecementos específicos, habilidades e competencias particulares. Ademais existen determinadas situacións ou problemáticas que non poden ser abordadas dende a perspectiva local ou comarcal, precisando dunha estratexia única e dunha actuación coordinada en toda a comunidade autónoma.

Por este motivo é necesario optimizar os recursos humanos dispoñibles para dar resposta ás necesidades de actuación que requiren dunha intervención supracomarcal, ou autonómica, así como aquelas que esixen coñecementos ou medios especializados. A formación dunha unidade especializada requirira de persoal con formación e preparación física adecuada para levar a cabo funcións de investigación, apoio e intervención inmediata, exercendo as súas actividades en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A través deste acordo concretase a formación dunha unidade móbil de investigación nas áreas de detección de uso ilegal venenos, infraccións á normativa de caza e pesca continental, furtivismo, así como a investigación noutras materias de competencia da conservación do patrimonio natural, nomeadamente o control das especies exóticas invasoras, o tráfico ilegal de especies e actuacións que puideran ser constitutivos de delitos ambientais. Esta unidade será incluída como especialización da escala, no desenvolvemento regulamentario de funcións da escala de axentes técnicos en xestión ambiental.

En base a todo o anterior, se adopta o seguinte

ACORDO ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS XXXXXXXX PARA A FORMACIÓN DUNHA UNIDADE MÓBIL ESPECIALIZADA DA ESCALA DE AXENTES FORESTAIS E MEDIOAMBIENTAIS PARA A CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL

Primeiro. Ámbito de aplicación

O presente acordo é de aplicación ao persoal funcionario das escalas de axentes forestais, axentes facultativos medioambientais e, tamén, aos que accedan á escala de axentes técnicos en xestión ambiental.

Segundo. Unidade Móbil especializada

Acórdase a formación dunha Unidade Móbil (UICON) para a investigación, coordinación e, no seu caso, a intervención inmediata nos casos de infraccións reguladas na normativa da conservación do patrimonio natural, o detección do uso ilegal de venenos, actuacións infractoras nos eidos da caza e pesca continental, así como outras materias relacionadas a continuación.

A unidade estará composta por un equipo de traballo cualificado e especializado nas labores de investigación, detección, prevención e actuación inmediata e/ou urxente nestes ámbitos:

- Conservación do patrimonio natural
- Uso ilegal de venenos
- Caza especies silvestres
- Pesca continental
- Especies Exóticas Invasoras
- Control da fauna salvaxe e nomeadamente as especies CITES
- Control do furtivismo
- Delitos ambientais

. No que se refire ao eido da conservación do patrimonio natural a unidade realizará todas aquelas investigacións, actuacións e/ou intervencións urxentes e/ou inaprazables que se lle encomenden por razón da necesidade, da súa relevancia ou impacto, da especialidade e/ou dificultade.

. No relativo ao uso ilegal de venenos, os axentes forestais e medioambientais adscritos á Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda serán competentes, a través das tarefas de vixilancia e investigación preventiva, para controlar o uso ilegal do veneno, sendo peza crave na loita para a súa erradicación. O fundamento para a creación desta Unidade é que ademais das actuacións rutineiras realizadas polos axentes resulta preciso atender a situacións de urxencia ante a detección dun caso grave e/ou reiterado de mortalidade de fauna o de cebos supostamente envelenados. A unidade móbil permitirá a investigación do emprego ilegal de cebos envelenados, polo que os diferentes Servizos Provinciais contarán co seu apoio, canalizando e programando as súas actuacións na materia a través dos efectivos que compoñen a unidade especializada.

. No ámbito da actividade cinexética da fauna silvestre, ademais dos controis, inspeccións e investigacións que procedan, a unidade móbil servirá como mecanismo clave para regular o control das poboacións do xabaril, en orde á prevención das posibles afeccións sobre certas comunidades de flora e fauna dos ecosistemas que ocupa, dos posibles riscos sanitarios asociados a enfermidades que poden ser diseminadas a través dela e a prevención dos riscos aos que se poden ver expostos os cidadáns en xeral, debido á maior presenza desta especie en zonas urbanas e periurbanas.

. No que se refire á pesca continental, as principais ameazas que afectan á extensa rede fluvial galega nas últimas décadas como o cambio climático, as secas, o furtivismo, a contaminación ou a introdución de especies exóticas invasoras, sustentan a necesidade de contar unha unidade de persoal altamente especializado en materia de inspección e vixilancia dos nosos ríos, co fin de mellorar a eficacia e operatividade na protección duns recursos ictícolas de excepcional valor ambiental. Nomeadamente a Unidade deberá contar con especialización para actuar ou intervir nos casos de verquidos a masas de auga, o que incluírá a toma de mostras, medicións in situ, levantamento urxente de actas de inspección, etc

. No relativo ás Especies Exóticas Invasoras (EEI) a unidade exercerá funcións de apoio e colaboración cos efectivos das distintas xefaturas na súa detección, localización, captura ou erradicación.

. No relativo ao control das especies CITES, os/as axentes da Unidade constituirán un reforzo ao control exercido polo persoal das xefaturas, sen perxuízo de actuacións concretas que podan levar a cabo.

.No relativo ao control de furtivismo poderán realizar intervencións coordinadas co persoal das xefaturas nos casos de incidencia grave de furtivismo que precise de operativos especiais con participación desta Unidade.

. No relativo os delitos ambientais, o persoal da Unidade elaborará as actas, informes de inspección e informes de valoración que precisen de coñecementos especializados ou que polo seu impacto, transcendencia ou custe ambiental lles foran solicitados. En especial elaborarán os informes de valoración derivados da aplicación da Lei 26/2007, do 23 de outubro de responsabilidade ambiental.

As actuacións anteriores se levarán a cabo en función da planificación da propia Unidade ou das necesidades de investigación/intervención que lles sexan encomendadas pola persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Terceiro . Organización da Unidade

A Unidade Móbil para a investigación na conservación do patrimonio natural, do uso de venenos, caza e pesca continental (UICON) estará formada, de inicio, por oito (8) membros da Escala de Axentes.

Os anteriores postos, dependerán orgánica e funcionalmente da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e se estruturarán xerárquicamente do seguinte modo:

-Un/ha Axente Coordinador/a Xefe/a que dependerá directa e inmediatamente da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e exercerá de superior xerárquico/a de todos os postos da unidade podendo a tal fin establecer ordes de obrigado cumprimento de calquera empregado adscrito á dita unidade nesta vicepresidencia e consellería. Correspóndelle en particular a elaboración dun plan

anual de actuacións, a elaboración dun informe final de actividades do ano precedente e a supervisión da prevención de riscos laborais da Unidade.

-Un/ha Axente Coordinador/a Adxunto/a que, actuando baixo a dirección inmediata do/a axente coordinador/a xefe/a exercerán a supervisión e control xeral da actividade ordinaria e extraordinaria dos efectivos da unidade. Entre outras funcións, coordinarán a elaboración de cuadrantes carteleiras, a redacción de informes, centralizarán o seguimento de todas as denuncias e supervisarán a actuación de todo o persoal da unidade.

-Seis Axentes UICON, que realizarán as funcións de investigación, seguimento recollidas no Plan anual de Intervención, así como as investigacións e as intervencións inmediatas que se lles indiquen polos seus superiores xerárquicos. No exercicio das súas actuacións se coordinarán cos efectivos da escala no ámbito territorial correspondente, consonte ás instrucións recibidas dos seus superiores.

Cuarto. Provisión dos postos da unidade móbil

O posto de Axente Coordinador/a Xefe/a e o posto de Axente Coordinador/a Adxunto/a serán provistos a través do sistema de concurso específico de conformidade co previsto no artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG).

Os postos dos/as Axentes UICON (Unidade Móbil para investigación do uso de venenos, caza e pesca continental e conservación do patrimonio natural), serán provistos a través do sistema de concurso, de conformidade co previsto no artigo 90 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG).

Quinto. Ámbito de actuación dos postos

Todos os postos obxecto deste acordo teñen un ámbito de actuación e intervención autonómico.

Sexto. Réxime interno

Todos os postos da unidade estarán suxeitos ao réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licencias, permisos e compensacións económicas regulados na Orde do 18 de xaneiro de 2019, conxunta das consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Medio Rural, pola que se establece o réxime de prestación de servizos das escalas de axentes forestais e axentes facultativos ambientais.

Sétimo.- Comisión de seguimento.

Créarase unha comisión de seguimento do disposto neste acordo, que estará integrada por un representante de cada unha das organizacións sindicais asinantes e un igual número de representantes da Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, designadas pola secretaría xeral técnica.

Estará presidida pola persoa titular da dirección xeral do Patrimonio Natural ou empregado/a público/a en quen delegue.

As súas funcións son as de vixilancia, interpretación e control do contido no presente acordo.

Constituirase no prazo de seis meses da sinatura do presente acordo e reunirse de forma ordinaria unha vez cada ano natural.

Octavo. Dotación de medios

A Unidade se dotará dos medios necesarios para o exercicio das funcións a exercer, nomeadamente medios tecnolóxicos e acceso a aplicacións. Así mesmo, se derivado do número intervencións en materia de detección de venenos se detectase a necesidade de medios adicionais de apoio, se poderá valorar a posibilidade de contar con unidades caninas.

Noveno. Formación

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través dos plans de formación do persoal ao seu servizo, establecerá cursos dirixidos á formación do persoal da escala, en función das necesidades específicas que se detecten no funcionamento desta unidade.

Disposición Adicional única. Niveis dos postos

Os postos aos que se refire o presente acordo terán os seguintes niveis de complemento de destino:

- Axente Coordinador Xefe: Nivel 25
- Axente Coordinador Adxunto: Nivel 22
- Axentes integrantes da UICON: Nivel 20

Disposición Transitoria Primeira. Funcionamento da unidade en tanto non se convoque a provisión definitiva dos postos

Os postos da UICON, en tanto non sexan provistos de forma definitiva, serán ocupados mediante comisión de servizos voluntaria por persoal da escala.

Disposición Final. Medidas orzamentarias

As medidas que se prevén no presente instrumento están supeditadas á dotación orzamentaria ou modificacións na relación de postos de traballo que habiliten a súa efectividade.